

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de febreiro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO

Provincia de Barcelona

Abreira, Aguilar de Segarra, Balsareny, El Bruc, Cabrerá d'Igualada, Calders, Calonge de Segarra, Callús, Cardona, Caltellbell i El Vilar, Castellbisbal, Castellet i la Gornal, Castellfollit do Boix, Castellfollit de Riubregós, Castellgalí, Castellnou de Bages, Castellolí, Castellví de la Marca, Castellví de Rosanes, Collbató, Esparreguera, Fonollosa, Gelida, Els Hostalets de Pierola, Igualada, La Llacuna, Manresa, Marganell, Martorell, Masquefa, Moia, Molins de Rei, Olvan, Pallejà, Piera, Pontons, Prat de Llobregat, Pujalt, La Quar, Rajadell, Rellinars, Sant Andreu de la Barca, Sant Boi de Llobregat, Sant Esteve Sesrovires, Sant Fruitós de Bages, Sant Joan Despí, Sant Joan de Vilatorrada, Sant Llorenç d'Hortons, Sant Martí Sarroca, Sant Mateu de Bages, Sant Sadurn d'anoia, Sant Salvador de Guardiola, Sant Vicenç del Horts, Sant Vicenç de Castellet, Santa Coloma de Cervelló, Sitges, Súria, La Torre de Claramunt, Torrelles, Torrelles de Foix, Viladecans, Vilobí del Penedés, Viver i Serrateix, Monistrol de Monserrat, Montclar de Berga, Montmajor, Navàs, Olesa de Bonesvalls, Olesa de Monserrat.

Provincia de Lleida

Algerri, Massoteres, Els Plans de Sió, Sanaüja, Ivorra, Torà, Biosca, La Molsosa, Navès, Olius, Pinell del Solsonés, Pinós, Ponts, Riner, Lladorre, Ivars e Noguera, Os de Balaguer, Oliola, Ager.

Provincia de Tarragona

Aiguamúrcia, Albinyana, Alcanar, Alió, Almofter, Ampolla, L'Arboç, Arnes, Banyeres do Penedès, Batea, Bellvei, Bisbal do Penedès, Cabra do Camp, Calafell, Cunit, Figuerola do Camp, Llorenç do Penedés, Masllorenç, Montmell, Perelló, Pont d'Argentera, Querol, Rodonyà, Sant Jaume dels Domenys, Santa Oliva, Sarral, Valls, Vendrell, Vila-rodona.

3319 *REAL DECRETO LEI 4/2001, do 16 de febreiro, sobre o réxime de intervención administrativa aplicable á valorización enerxética de fariñas de orixe animal procedentes da transformación de restos e cadáveres de animais. («BOE» 42, do 17-2-2001.)*

Mediante os Reais decretos 1911/2000, do 24 de novembro, e 3454/2000, do 22 de decembro, e de acordo co establecido na normativa comunitaria, puxéronse en marcha unha serie de medidas para a erradicación e o control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais das especies bovina, ovina e caprina, que, entre outros aspectos, inclúen a prohibición de utilizar fariñas de orixe animal na alimentación dos animais de produción (ata agora só prohibidas para a alimentación dos ruminantes) e a de separalos mate-

riais especificados de risco para a súa posterior destrución en condicións adecuadas de salubridade e hixiene. Neste sentido, se a destrución dos materiais especificados de risco se leva a cabo mediante a súa transformación en fariñas a través dun proceso no que se cumpran os requisitos de temperatura, presión e tempo de residencia establecidos no anexo I do Real decreto 1911/2000, producírase a inactivación do príon causante da enfermidade e, consecuentemente, as fariñas resultantes do proceso de transformación perderon o seu carácter infeccioso e poden, polo tanto, ser xestioadas como calquera residuo non perigoso, ben mediante a súa valorización enerxética ou ben mediante o seu depósito en vertedoiros autorizados para isto.

As anteriores medidas viñeron significar, entre outras consecuencias, a xeración dunha cantidade inxente de produtos —as fariñas de orixe animal— que ata agora non tiñan a consideración de residuos, na medida en que eran utilizadas de forma ordinaria para a alimentación de determinados animais e agora se converteron nun residuo debido á obriga que teñen os seus titulares de desprenderse delas.

Desde o punto de vista ambiental, e partindo da base de que nos encontramos ante fariñas transformadas nas que se inactivou o príon causante da enfermidade, é preferible a valorización enerxética destas fariñas ó depósito en vertedoiro, tendo en conta a orde de preferencias nas opcións de xestión de residuos establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e na estratexia comunitaria sobre residuos.

Por outro lado, a valorización enerxética destas fariñas en fornos de industrias cimenteiras ou de produtos cerámicos (como baldosas, azulexos, ladrillos ou produtos similares) ou en centrais térmicas, utilizándoas como combustible substitutivo do que habitualmente empregan estas instalacións, unicamente require unha mínima adaptación técnica do alimentador do combustible destas, polo que pode entenderse que en ningún modo isto vai supor un incremento da incidencia ambiental do seu funcionamento. Igualmente, con esta valorización enerxética obtense unha vantaxe ambiental engadida na medida en que, por un lado, a carga ambiental da utilización de fariñas de orixe animal no proceso de combustión, expresada fundamentalmente en termos de contaminación atmosférica, é inferior á que se orixina coa utilización de combustibles convencionais e, por outro, produciríase unha redución na utilización de combustibles fósiles e, consecuentemente, unha diminución na emisión de gases de efecto invernadoiro. Finalmente, a valorización enerxética destas fariñas transformadas en fornos de industrias cimenteiras ou de produtos cerámicos achega a vantaxe ambiental engadida de que se incorporan ó proceso de produción trala combustión.

En canto ás determinacións establecidas na normativa comunitaria sobre a valorización de residuos non perigosos, a Directiva 75/442/CEE, relativa ós residuos, modificada pola Directiva 91/156/CE, do Consello, do 18 de marzo, establece no seu artigo 10 que as actividades de valorización de todo tipo de residuos teñen que someterse a autorización administrativa previa. Non obstante, a propia directiva outórgalles ós Estados membros, no artigo 11.1.b), a potestade de eximir da mencionada autorización sempre e cando se dicten normas xerais para cada actividade nas que se fixen os tipos e cantidades de residuos que se van valorizar e as condicións nas que a citada actividade pode quedar dispensada da autorización, coa peculiaridade engadida de que, se se trata de residuos non perigosos, como é o caso das fariñas transformadas obxecto do presente real decreto lei, non é necesario que tal actuación teña que ser autorizada previamente pola Comisión Europea (tal como se estableceu para os residuos perigosos no arti-

go 3.4 da Directiva 91/689/CEE), senón que só se precisa unha simple comunicación da decisión adoptada, de acordo co que dispón para o efecto o artigo 11.3 da mencionada Directiva 75/442/CEE, tralas modificacións introducidas pola Directiva 91/156/CEE.

Neste real decreto lei cúmprense tódolos requisitos da normativa comunitaria anteriormente mencionados dado que, por un lado, se establecen os límites cuantitativos máximos de residuos que se poderán valorizar e, por outro, se fixan as condicións de funcionamento das instalacións de valorización, que deberán cumprilas prescricións sobre niveis de emisión de contaminantes á atmosfera establecidas, tanto na lexislación sobre protección do ambiente atmosférico, como no condicionado ambiental das propias autorizacións substantivas de funcionamento das respectivas instalacións, todo isto sobre a base da esixencia dos requisitos de protección ambiental e da saúde das persoas establecidos de forma xeral no artigo 12.1 da Lei de residuos para tódalas actividades de xestión de residuos.

As anteriores consideracións permiten concluír que este tipo de valorización enerxética, se se leva a cabo en instalacións existentes que xa contén coa preceptiva licenza de actividade, non supón unha modificación substancial da instalación, tendo en conta o concepto de «modificación substancial» regulado na Directiva 96/61/CE, do Consello, relativa á prevención e ó control integrados da contaminación, nin unha modificación da incidencia ambiental do funcionamento da instalación no referente a ruídos, olores ou salubridade e hixiene polo que, en tales circunstancias, non sería necesaria unha nova licenza de actividade nin unha revisión da xa existente.

Por outro lado, e de acordo co que se establece na disposición adicional primeira, a exención de autorización que opera a presente modificación non impide que cada comunidade autónoma, no exercicio das súas competencias para dictar normas adicionais de protección, poida establecer los mecanismos de intervención ambiental que coide convenientes, incluída a autorización administrativa.

Finalmente, na disposición adicional segunda establécese que as comunidades autónomas poderán eximir da autorización administrativa prevista no artigo 13.1 da Lei de residuos outras actividades de valorización de residuos non perigosos (en concreto, a valorización enerxética de fariñas de orixe animal en instalacións de incineración distintas das enumeradas no artigo 1.1 e a valorización das graxas extraídas no proceso de transformación destas fariñas) sempre e cando dicten normas xerais sobre cada tipo de actividade nas que se fixen os tipos e cantidades de residuos e as condicións en que a actividade pode quedar dispensada da autorización, tal como esixe o artigo 11.1.b) da Directiva 75/442/CEE, anteriormente mencionado. Desta forma, concédeselles ás comunidades autónomas a mesma potestade prevista no artigo 14 da Lei de residuos para o outro suposto de exención de autorización administrativa establecido na normativa comunitaria, concretamente no artigo 11.1.a) da citada directiva: a valorización e eliminación dos propios residuos nos centros de produción. Consecuentemente, tamén neste caso se esixen os requisitos de rexistro autonómico e notificación ó Ministerio de Medio Ambiente para efectos de informa-la Comisión Europea, segundo a canle establecida no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A modificación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, xunto cos motivos de extraordinaria e urxente necesidade que ó respecto esixe o artigo 86 da Constitución española, xustifican a adopción das anteriores medidas mediante o presente real decreto lei; no seu

procedemento de elaboración foron consultadas as comunidades autónomas.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de febreiro de 2001,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.*

Introdúcese unha nova disposición adicional oitava na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Valorización enerxética de fariñas transformadas de orixe animal.*

1. A valorización enerxética das fariñas transformadas de restos e cadáveres de animais sinaladas no punto 2, mediante a súa utilización como combustible en fornos de fábricas de cemento ou de produtos cerámicos ou en centrais térmicas, quedará exenta da autorización administrativa establecida no artigo 13.1 desta lei, sempre que tales operacións, nas que non se poderá valorizar unha cantidade de residuos superior á indicada no punto 3, se leven a cabo de acordo co establecido no punto 4 e respectando as prescricións sobre niveis de emisión de contaminantes establecidas en materia de protección do ambiente atmosférico.

En todo caso, os titulares das instalacións nas que se leven a cabo as actividades reguladas no parágrafo anterior efectuarán unha comunicación ó órgano ambiental da Comunidade Autónoma na que estean situadas, para efectos do seu rexistro.

2. O establecido no punto anterior aplicarase exclusivamente á valorización enerxética das seguintes fariñas de orixe animal:

Fariñas de orixe animal, de materiais especificados de risco, transformadas de conformidade co establecido no anexo I do Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Fariñas de restos e cadáveres de animais que non teñan a consideración de materiais especificados de risco de acordo co Real decreto 1911/2000, transformadas de conformidade co establecido no Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro, sobre normas sanitarias de eliminación de animais mortos e desperdicios de orixe animal e protección fronte a axentes patóxenos en pensos de orixe animal.

3. As cantidades máximas de fariñas de orixe animal que se poderán valorizar de conformidade co establecido nesta disposición serán as seguintes:

a) Se a valorización enerxética se realiza en fornos de fábricas de cemento ou de produtos cerámicos, a cantidade de fariñas de orixe animal que se valorizará non superará o 10 por cento da capacidade de produción individual de cada planta.

b) Se a valorización enerxética se realiza en centrais térmicas, a enerxía procedente da valorización de fariñas de orixe animal non superará o 10 por cento da enerxía total xerada en cada central, cando se utilicen residuos como combus-

tible, ou o 5 por cento cando se utilicen combustibles fósiles.

4. As operacións de valorización enerxética reguladas nesta disposición teranse que levar a cabo necesariamente sen pór en perigo a saúde humana e sen utilizar procedementos nin métodos que poidan prexudica-lo ambiente e, en particular, sen crear riscos para a auga, o aire ou o solo, nin para a fauna ou flora, sen provocar incomodidades polo ruído ou os olores e sen atender contra as paisaxes e lugares de especial interese, de acordo co establecido no artigo 12.1 da presente lei.

Así mesmo, a valorización enerxética destas fariñas en fábricas de cemento ou de produtos cerámicos farase de modo que non afecte a calidade do cemento ou dos produtos cerámicos e respectando, en todo caso, as instrucións, regulamentos e normas técnicas que lles sexan de aplicación.»

Artigo segundo. *Instalacións existentes.*

A realización de actividades de valorización enerxética de fariñas de orixe animal, reguladas no artigo anterior, nunha instalación, que xa conta coa preceptiva licenza de actividade, non suporá unha modificación substancial da instalación e, consecuentemente, non precisará unha nova licenza de actividade, nin unha revisión da xa existente, sendo suficiente cunha simple comunicación do titular da instalación á autoridade competente.

Disposición adicional primeira. *Normas adicionais de protección.*

Este real decreto lei dítase sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas para dictar normas adicionais de protección en materia de ambiente.

Disposición adicional segunda. *Outras actividades de valorización de residuos de orixe animal non perigosos.*

1. As comunidades autónomas poderán eximir da esixencia da autorización administrativa prevista no artigo 13.1 da Lei de residuos as empresas e establecementos que realicen algunha das actividades de valorización de residuos non perigosos sinaladas no punto 2, sempre que dicten normas xerais sobre cada tipo de actividade nas que se fixen os tipos e cantidades de residuos e as condicións nas que a actividade pode quedar dispensada da autorización.

En todo caso, para que poidan aplicarse as exencións reguladas no parágrafo anterior, as actividades terán que levarse a cabo de conformidade co establecido no artigo 12.1 da Lei de residuos e deberán quedar obrigatoriamente rexistradas na forma que, para tal efecto, determinen as comunidades autónomas.

2. O establecido no punto anterior aplicarase exclusivamente ás seguintes actividades de valorización:

a) Valorización enerxética das fariñas de orixe animal incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto lei en instalacións de incineración distintas das enumeradas no punto 1 do artigo 1.

b) Valorización das graxas extraídas no proceso de transformación das fariñas de orixe animal incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto lei.

3. As comunidades autónomas que apliquen algunha das exencións reguladas nesta disposición adicional comunicaranllo ó Ministerio de Medio Ambiente, para efectos de informa-la Comisión Europea, a través da can-

le correspondente, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Os preceptos deste real decreto lei teñen a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.23.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno dictará as disposicións regulamentarias que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de febreiro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA

3320 *REAL DECRETO 91/2001, do 2 de febreiro, polo que se modifica parcialmente o Real decreto 1393/1990, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo. («BOE» 42, do 17-2-2001.)*

O gran dinamismo que presentou na última década o sector do investimento colectivo, tanto en termos dos recursos xestionados como de sofisticación das técnicas de xestión utilizadas, obrigou ó regulador a introducir adaptacións no ordenamento xurídico financeiro. Así, o presente real decreto leva a cabo unha nova modificación do Real decreto 1393/1990, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo.

O obxectivo da reforma é dobre. Dunha parte, abriu-lo mercado a novas figuras de investimento colectivo que están presentes no noso contorno económico. Doutra, flexibiliza-la creación e operativa das nosas institucións para facelas máis competitivas. Estes obxectivos lévanse a cabo sen mingua da protección dos investidores. Os nosos fondos e sociedades de investimento son destinos cada vez máis populares para o aforro dos cidadáns e os principios da seguridade e transparencia deben quedar sempre salvagardados.

Ademais, o texto faise eco do importante proceso de reforma que se está levando a cabo no corpo xurídico comunitario. As propostas de reforma da Directiva 85/611/CEE, de organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios que se están tramitando inspiraron moitas das modificacións incluídas no presente regulamento, non tanto por unha vontade de adiantarse